

Aprobado polo Pleno da Corporación de data trinta e un de Xulio do ano 1997.
Publicado no BOP núm. 207 de data nove de Setembro do ano 1997.

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE CICLOMOTORES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dado o incremento progresivo de ciclomotores en todo o territorio nacional, especialmente naqueles municipios onde se goza das vacacións estivais e o uso intensivo destes polas vías públicas da nosa localidade, parece necesario iniciar o rexistro municipal deste tipo de vehículos. As razóns que o motivan son tanto pola protección que supón desta propiedade ante o roubo, como pola necesidade de obrigar aos seus usuarios a cumprir as normas de circulación, circunstancia ata o de agora de difícil esixencia por carecer dun número de identificación á vista, o que imposibilitaba a denuncia, e por isto non é difícil observar como circulan polas beirarrúas, en dirección contraria, facendo caso omiso do disco vermello que prohibe o paso, ou incumprindo as medidas de autoprotección, como é a utilización do casco.

OBXECTO.

Ten por obxecto regular e ordenar a inscrición e matriculación de ciclomotores no municipio, cos propietarios que teñan domicilio no termo municipal.

Para estes efectos créase nas dependencias da Policía Municipal de Arteixo un Rexistro Municipal de ciclomotores, no que figurarán os datos relativos ao ciclomotor, ao titular, núm. de matrícula municipal e as transferencias que afecten ao vehículo.

ARTIGOS.

Artigo 1

Todo propietario dun ciclomotor igual ou inferior a 50 c.c. ten a obriga de o inscribir no Concello no prazo dunha semana desde a súa adquisición.

Artigo 2

A inscrición consistirá en cubrir un impreso que se facilitará polo Concello. Este modelo de impreso figura anexo á Ordenanza.

Artigo 3

Para a inscrición do vehículo, o propietario deberá achegar os seguintes documentos, que se autenticarán mediante a presentación do orixinal

- a. Presentar fotocopia do DNI.
- b. Presentar fotocopia do certificado de características ou de fabricación, ou calquera outro documento no que conste a marca, modelo, número de bastidor e cilindrada.
- c. Factura de compra ou xustificante que o substitúa, para os supostos de primeira adquisición ou declaración xurada sobre a adquisición do ciclomotor, mediante calquera das formas recoñecidas en dereito.
- d. Acreditar que o ciclomotor ten en vigor o seguro obrigatorio.
- e. Xustificante de ter autoliquidadas as taxas correspondentes pola expedición de tarxeta, de conformidade co disposto na Ordenanza Fiscal sobre Documentos e o prezo da placa, que ascende a 2.700 pesetas.

Artigo 4

Efectuada a inscrición no Rexistro de Ciclomotores, de conformidade ao disposto no Art. anterior, entregárase aos propietarios: Tarxeta de inscrición no Rexistro Municipal.

- Placa de matrícula, coas dimensións e características que son as que figuran no anexo a esta ordenanza.

Artigo 5

A placa de matrícula, deberá ir colocada en sentido horizontal, na parte inferior do gardabarros posterior ou traseiro do ciclomotor.

Artigo 6

Transferencias do ciclomotor:

Todo titular de ciclomotores inscrito no Rexistro Municipal que o queira transferir, deberá:

- a. Facer constar no reverso da tarxeta de inscrición, no Rexistro Municipal de Ciclomotores do vehículo, a palabra "transferido", consignando a continuación o nome, apelidos, e enderezo do adquirente, data de transmisión e a súa sinatura recoñecida. O permiso entregarao o adquirente contra recibo.
- b. -Notificar a transferencia, dentro dos dez días hábiles seguintes á mesma á Policía Municipal, para deixar constancia da transferencia no Rexistro Municipal de Ciclomotores. Para estes efectos farase constar o nome, apelidos e domicilio do adquirente, o título de transmisión e data da mesma.
- c. Se o transferinte incumpriera as obrigas sinaladas no apartado a) e b) anteriores, seguirá sendo considerado a efectos do Rexistro como titular do vehículo transmitido, en tanto non se inscriba o vehículo a nome doutra persoa.
- d. A persoa que adquira o ciclomotor deberá solicitar do Rexistro Municipal de Ciclomotores a inscrición ao seu nome e a consecvente renovación da tarxeta de inscrición no RMC, facendo expresamente constar o seu nome, apelidos e domicilio, así coma os do transferinte, acompañado coa solicitude do permiso municipal de circulación e o xustificante de ter autoliquidado a taxa, pola transmisión.

Artigo 7

O condutor do ciclomotor queda obrigado a estar en posesión e levar consigo a seguinte documentación:

- a. Licencia válida para a conducción.
- b. Tarxeta de inscrición no Rexistro Municipal.
- c. Documentación acreditativa de estar en posesión e ter actualizado o seguro obrigatorio de responsabilidade civil, derivado do uso e circulación de vehículos a motor de subscripción obrigatoria, R.D. 2641/86, do 30 de decembro.

Esta documentación deberá exhibir a cando os axentes da autoridade o soliciten.

INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Artigo 8

A Policía Municipal encargarse de facer cumprir o establecido nesta ordenanza.

O incumprimento do que a mesma establece dará lugar á imposición de sancións, de conformidade co establecido na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e R.D. 13/92, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

No seu caso, de conformidade ca lei vixente, tamén procederá á inmovilización do ciclomotor no lugar que se destine para os efectos, sendo os gastos que se orixinen a cargo do infractor.

Artigo 9

Constitúen infracción a esta ordenanza os seguintes feitos:

- Non ter procedido á inscrición do ciclomotor no Rexistro Municipal de Ciclomotores, dentro do prazo establecido no Art. 1 ou disposición transitoria desta ordenanza.
- Non levar a tarxeta de inscrición no Rexistro Municipal.

- Non colocar a placa de matrícula de conformidade ó establecido no Art. 5).
- Non proceder de conformidade ao establecido no Art. 6 da ordenanza, sobre as obrigadoriedades no suposto de transferencia do ciclomotor.

Artigo 10.-Sancións.

As infraccións definidas no artigo anterior sancionaranse con multas por importe de 5.000.- Ptas.

Artigo 11

A pesar do establecido nos artigos anteriores, o conductor do ciclomotor poderá incurrir nas seguintes infraccións:

- Non levar consigo a documentación establecida no Art. 7, apartado a) e c).
- Conducir o ciclomotor por non ter a documentación consonte o que se establece no apartado a) e c) do Art. 7.

En tales supostos aplicarase o réxime de infracción sancionador, establecido no disposto no R.D. 339/90, do 2 de marzo e R.D. 13/92, do 17 de xaneiro, polo que se aproban respectivamente a Lei sobre Tráfico e Regulamento Xeral de Circulación.

Artigo 12

A tramitación das infraccións a esta ordenanza, a efectos de unificación do procedemento, axustarase consonte ao establecido na Lei de Seguridade Viaria.

Artigo 13

Para o non previsto nesta Ordenanza, aplicarase o establecido na Lei de Bases de Réxime Local 7/85, do 2 de abril e demais disposicións do réxime local concordantes na materia; R.D.L. 339/90, do 2 de marzo, polo que se aproba a Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, R.D. 13/92, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación e demais normativas en vigor sobre a materia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Aqueles ciclomotores adquiridos con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza deberán matricularse no prazo de 3 meses.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza deberá aprobarse definitivamente e non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días, contados a partir da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e na Comunidade Autónoma.

Deberá publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia.